



TÁNDEM



QUE É UN TÁNDEM?

Na EOI de Santiago hai alumnado que estuda galego ou español como linguas estranxeiras, e alumnado que estuda os múltiples idiomas que impartimos no centro. Ambos colectivos se poden axudar na aprendizaxe participando nun **Tándem**.

A través dun Tándem melloramos a nosa competencia na lingua estranxeira a través da comunicación verdadeira e real, ademáis de que aporta a dimensión social e cultural da lingua que estamos aprendendo. É unha actividade de intercambio cultural e lingüístico que permite practicar cun falante nativo. É unha forma de aprendizaxe aberta e autónoma que combina a práctica da lingua cunha situación de comunicación real.

QUE É UN TÁNDEM?



Tándem: dúas persoas quedan regularmente para aprender cada unha a lingua da outra desde a base da reciprocidade e a colaboración. A metade do tempo fálase nunha lingua e a outra metade, na outra.

APRENDER XUNTAS



TÁNDEM

RECOMENDACIÓNS

Para alumnado que teña polo menos un A2 na lingua estranxeira.

Facede polo menos a vosa primeira quedada na biblioteca da EOI Santiago.

Na biblioteca haberá material de apoio que poderedes empregar durante as vosas reunións (dicionarios, revistas, fichas de conversación,...)

Establecer un día e unha hora regular favorece a aprendizaxe e reforza o compromiso co teu compañero/a.

Pensar previamente os temas que podemos propoñer cando nos reunamos.

Fala co teu Tándem de como vos gustaría dar *feedback* - queredes que vos corrixa moito ou pouco ao falar? Lembra que a túa parella lingüística non é profe.

Para calquera consulta sobre esta actividade, escribíenos a biblioteca@eoisantiago.org



PLAMBE



eoI
escola oficial
de idiomas
santiago
de compostela



TÁNDEM

PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DUN TÁNDEM EXITOSO

Equilibrio: un tandem é un traballo en equipo. Antes de comezar, poñédevos de acordo sobre como ides organizar a vosa reunión. O habitual é adicar a metade do tempo a unha lingua, e a outra metade á outra.

Autonomía: as persoas participantes decidides temas, horarios e lugares.



Respeto: as dúas persoas sodes responsables de crear e manter unha atmósfera de respeto e cordialidade. A túa parella de Tándem non é o teu profe, é unha camarada na aprendizaxe.

COMO PARTICIPO?

1) Enche as dúas fichas que te darán na biblioteca. Unha é para pendurar no taboleiro de anuncios, e a segunda (co teu email de contacto) entregase ao profesorado encargado, que se encargará de facilitar o teu contacto só a aquelas persoas interesadas na combinación de linguas que ti buscas.



2) O profesorado encargado enviarate un correo electrónico facilitándote os datos de contacto de persoas coa mesma combinación de idiomas ca ti. Desde ese momento, tóchache escribirlles e buscar un bo momento para reunirvos.



PLAMBE



eoi

escola oficial
de idiomas
santiago
de compostela

